

ONDE ESTÁ A CASA DO MEU AMIGO?

932

Abbas Kiarostami, 1987

ESTREA EN NUMAX: 17.05.2022 | V.O.S.E. | TP| 83min

Na escola da vila de Koker, ao norte de Irán, Mohamed non fixo os exercicios no caderno e o profesor ameázao con expulsalo da escola se volve repetir a mesma falla. Esa mesma tarde, o seu compañeiro Ahmed toma por equivocación o caderno de Mohamed. Cando se decata decide ir buscar a casa do seu amigo para devolverllo.

«Coma as obras neorrealistas das que descende, é enganosamente simple e absolutamente profunda»

James Kendrick , Q NETWORK FILM DESK



ONDE ESTÁ A CASA DO MEU AMIGO?

Abbas Kiarostami, 1987

Mirada, voz e infancia

Por Karina Solórzano

Logo de pasar toda a tarde na busca da casa de Mohamed para lle devolver o caderno de clase, Ahmed regresa a casa para rematar a súa tarefa e facer tamén a do seu amigo. Nese intre o vento sopra con forza e a porta ábrese. Parécese ao mesmo vento que interrompe a clase na secuencia inicial do filme, naquela o mestre pecha a fiestra e nesta Ahmed detense uns intreos a contemplalo. A irrupción do vento aseméllase á da realidade, como se o vento nos remitise á vida, esa vida que transcorre no filme a nos amosa camiños zigzagueantes nos outeiros.

En *La evidencia del filme, el cine de Abbas Kiarostami* hai unha idea sobre Tzvetan Todorov e os retratistas do barroco que se asemella á que desenvolve Jean Luc Nancy sobre o cinema de Kiarostami: «aqueles pintores non inventan a beleza senón que a descubren e permítennos, á súa vez, descubri-la a nós», este tipo de pintura, como o cinema de Kiarostami, considera a arte «como unha inmersión na realidade cotiá da que agromará a beleza». O vento de *Onte está a casa do meu amigo?* (1987) remite a esta inmersión que, á súa vez, se asemella ao realismo de Bazin que entende o cinema como un modo de acceso ao mundo, como se se tratase dunha ventá a través da cal se escoitase o vento.

Pero Nancy elabora outra hipótese: o cinema de Kiarostami non se limita a mostrar a realidade coa menor intervención; ao contrario, enturbia e altera a realidade. Koker, cos seus camiños, casas e oliveiras funciona para dar conta de como a paisaxe non é un escenario inerte suxeito á adversidade, senón que hai unha acción inventiva sobre el. O cinema de Kiarostami mobiliza a nosa mirada.

Como o vento, a voz tamén é un elemento móbil no filme. No seu deambular, Ahmed encóntrase con varios adultos que non escoitan as súas preguntas e cos que se racha calquera comunicación posible. Cuestionar a mirada conduce a cuestionar a voz, no filme o único personaxe que entabla diálogo co neno é un ancián que lle fala do cambio da paisaxe na aldea. El, que construíu con madeira portas e ventás ve con desconfianza a chegada do ferro. O ferreiro é precisamente un deses adultos que falan sen escoitar a Ahmed, é como se o dereito á palabra so se impuxese nun mundo de adultos onde reina a razón, a educación tradicional e o progreso. Esta é unha das maneiras en que se adoitaba entender a infancia, como un estadio primitivo, fantasioso, carente dunha voz articulada.

Filósofos como Herbert Marcuse, Gaston Bachelard ou Gilbert Durand buscaron a función emancipadora da imaxinación na súa crítica á racionalidade occidental: «a imaxinación visualiza a reconciliación do desexo coa realización, da felicidade coa razón», escribe Marcuse en *Eros y civilización*. A invitación a abrir os ollos que fai o cinema de Kiarostami pode entenderse como un convite a mirar cos ollos da imaxinación. A través da adopción do punto de vista de Ahmed, o filme cuestiona como se configura o mundo da razón e a palabra, a responsabilidade moral de Ahmed opónse tamén á disciplina que se enuncia tanto na escola como na familia. Nese sistema adulto e autoritario a acción do neno parece unha transgresión ao sistema, unha pequena milagre decorada por unha flor seca na tarefa do amigo. Antes da escena do vento Ahmed está a agardar a cea, o avó tenta prender a radio e unha voz en off fala da tarefa e da fame nunha caste de recapitulación do día, é a voz do propio Ahmed que parece falar consigo propio nunhas imaxes que invitan a aprender a escoitar. Abrir as ventás para escoitar tamén o vento.